

TARXETA XENTE NOVA

Solicita a tarxeta a partir do **10 de xuño**
Empeza a empregala a partir do **15 de xuño**



COMO CONSEGUILA?



1. Solicita cita gratis en www.bus.gal
2. Ao facilitar os datos que se solicitan xerárase unha cita nunha oficina de Abanca habilitada. Non é necesaria unha conta asociada.
3. Unha vez ali, só necesitaremos o teu DNI, A tarxeta é gratuíta. Lembra que se aínda non cumpriches os 18 anos deberás ir acompañado por un representante legal.
4. A túa tarxeta xa está lista. Podes leva-la contigo e empezar a viaxar.

COMO VIAXAR CON ELA?



Para comezar a viaxar debes ter saldo na túa tarxeta. Cobranse as viaxes e despois serán bonificadas.

- ▶ Todas as viaxes interurbanas reembolsaranse cada 15 días, ata un máximo de 60 viaxes mensuais.
- ▶ Para recibir a bonificación só tes que **realizar unha operación coa túa tarxeta en calquera caixa de Abanca** e automaticamente recibirás o aboamento das viaxes realizadas.
- ▶ **O importe dos reembolsos** cargaránse segundo a tarifa aplicada en cada momento.

ONDE UTILIZALA?



- ▶ A Xunta está iniciando a implantación progresiva da Tarxeta Xente Nova en toda Galicia. Na primeira fase da aplicación iranse incorporando as liñas interurbanas da área de Pontevedra.
- ▶ Coa Tarxeta Xente Nova serán bonificadas as viaxes que se realicen dentro desta zona.
- ▶ Podes consultar as liñas nas que xa está operativa na web www.bus.gal

TAMÉN A TARXETA DE TRANSPORTE TMG



- ▶ Para facilitar o pago seguro e evitar contaxios da covid-19, os maiores de 21 anos poderán empregar a Tarxeta de Transporte TMG.
- ▶ Podes solicitarla tamén nas oficinas de Abanca habilitadas a partir do 10 de xuño e empezar a utilizala desde o 15 de xuño.

PODES UTILIZARA TARXETA XENTE NOVA

Simplemente achegando a tarxeta, pola zona do chip, á parte central do lector. O son dun asubido indicará que a lectura é correcta.

PARA MANTER A TARXETA SEMPRE EN PERFECTO ESTADO, SÓ TES QUE SEGUIR ESTAS SINXELAS INSTRUCIÓNS:

- ▶ Non a expoñas ao sol nin a temperaturas elevadas e procura evitar cambios bruscos de temperatura.
- ▶ Protéxela da humidade e de ambientes corrosivos, como o salitre marinho.
- ▶ Evita achegala a campos electromagnéticos ou electrostáticos fortes (microondas, móbiles...)
- ▶ Non intentes limpa-la con produtos corrosivos.
- ▶ Non a dobres.

INFORMATE EN
WWW.BUS.GAL OU CHAMANDO
AO **998 68 78 00**

Disporás de 2 meses para solicitar a bonificación nun caixa de Abanca.

QUE É?



A TARXETA XENTE NOVA é a tarxeta de transporte de Galicia que permite realizar **viaxes interurbanas gratuítas** dentro das áreas nas que está activa.



QUEN A PODE UTILIZAR?

Mozos de entre 4 e 20 anos, porque os menores de 4 anos xa viaxan gratis no transporte interurbano. Cando cumpras 21 poderás seguir usando a tarxeta ata que se esgote o saldo.

